## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2024 pola que se modifica o anexo II da Orde do 9 de decembro de 2020 pola que se aproban os diferentes modelos de autoliquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados na Comunidade Autónoma de Galicia e se regulan o procedemento e as condicións para o seu pagamento e presentación, así como determinadas obrigacións formais e de subministración de información tributaria.*

A Orde do 9 de decembro de 2020 aprobou os diferentes modelos de autoliquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados na Comunidade Autónoma de Galicia e regulou o procedemento e as condicións para o seu pagamento e presentación, así como determinadas obrigacións formais e de subministración de información tributaria.

Para adaptar os anexos da devandita orde aos diversos cambios normativos acaecidos modificáronse estes nas resolucións da Axencia Tributaria de Galicia do 25 de xaneiro, 4 de marzo e 14 de maio de 2021, 10 de xaneiro de 2022, 10 de xaneiro de 2023 e 31 de maio de 2024.

A Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, regula unha nova dedución aplicable á modalidade de actos xurídicos documentados, aplicable á constitución ou transmisión de dereitos reais sobre inmobles que sexan necesarios para a implantación de instalacións ou infraestruturas para a produción de enerxías renovables en áreas empresariais.

Pola súa banda, na Lei de medidas fiscais e administrativas para 2025 introdúcense diferentes medidas que afectan o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, como a ampliación do ámbito obxectivo da bonificación na modalidade de actos xurídicos documentados, de modo que pasa a aplicarse ás escrituras públicas referidas á adquisición, constitución, modificación e cancelación de dereitos reais de garantía, na promoción, construción e rehabilitación deses edificios. Así mesmo, créanse dúas novas deducións, unha aplicable na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas ás adquisicións de solo residencial ou de solo para a promoción de solo residencial con destino á vivenda protexida de promoción pública realizadas polas entidades participadas maioritariamente polo sector público autonómico, e outra aplicable á modalidade de actos

CVE-DOG: u8u1mqw7-k616-n0k9-cdl9-xegvw47lw718

xurídicos documentados a varios actos e negocios realizados coa intervención do Instituto Galego da Vivenda e Solo ou polas entidades participadas maioritariamente polo dito organismo, que forman parte do proceso construtor das vivendas de promoción pública, como as adquisicións de solo residencial, os actos de agrupación, agregación, segregación e división, a declaración de obra nova e división horizontal, as vendas de solo público residencial, os actos relativos ás garantías pactadas, así como os préstamos hipotecarios que poidan solicitar para financiar a construción e adquisición de vivenda protexida.

O exposto fai necesario modificar no anexo II da Orde do 9 de decembro de 2020, referente ao modelo 600, a lista de bonificacións e deducións; para iso é competente a persoa titular da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia, con base na habilitación normativa prevista na disposición adicional sexta da devandita orde.

En consecuencia,

RESOLVO:

Primeiro.

Modificar no anexo II da Orde do 9 de decembro de 2020, referente ao modelo 600, a lista de bonificacións e deducións, que pasa a ser a seguinte:

CVE-DOG: u8u1mqw7-k616-n0k9-cdl9-xegvw47lw718

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 251 | Martes, 31 de decembro de 2024 | Páx. 69316

Modelo **600**

## ANEXO (IV)

**BONIFICACIÓNS E DEDUCIÓNS/**
***BONIFICACIONES Y DEDUCCIONES***

0123456789 SOLO PRUEBA

| 7 Cód. | **BONIFICACIÓNS E DEDUCIÓNS/** ***BONIFICACIONES Y DEDUCCIONES*** | Cota/*Cuota* tributaria | % | Importe | |
|---|---|---|---|---|---|
| A | Arrendamento de vivendas intermediación do IGVS/ *Arrendamiento de viviendas intermediación del IGVS* | | 100 % | 7a | |
| B | Arrendamento de terreos rústicos/Arrendamiento de terrenos rústicos | | 100 % | 7b | |
| B1 | Arrendamento/cesión temporal de terreos rústicos para a súa incorporación a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta/ *Arrendamiento/cesión temporal de terrenos rústicos para su incorporación a polígonos agroforestales, proyectos de aldeas modelo o agrupaciones de gestión conjunta* | | 100 % | 7b1 | |
| C | Transmisión/arrendamento/cesión temporal de terreos do Banco de Terras de Galicia/ *Transmisión/arrendamiento/cesión temporal de terrenos del Banco de Tierras de Galicia* | | 100 % | 7c | |
| D | Agrupación de propietarios forestais/*Agrupación de propietarios forestales* | | 100 % | 7d | |
| G | Adquisición/obra nova/división horizontal/dereitos reais de garantía de edificios destinados a vivenda en alugamento/*Adquisición/obra nueva/división horizontal/derechos reales de garantía de edificios destinados a vivienda en alquiler* | | 75 % | 7g | |
| H | Préstamos/ créditos hipotecarios para cancelación doutros préstamos/créditos destinados a vivenda habitual/ *Préstamos/ créditos hipotecarios para cancelación de otros préstamos/créditos destinados a vivienda habitual* | | 100 % | 7h | |
| I | Subrogación/modificación de préstamos/créditos hipotecarios vivenda habitual/ *Subrogación/modificación de préstamos/créditos hipotecarios vivienda habitual* | | 100 % | 7i | |
| J | Adquisición de local de negocio para constitución de empresa ou negocio profesional/ *Adquisición de local de negocio para constitución de empresa o negocio profesional* | | 100 % | 7j | |
| K | Constitución/modificación préstamos/créditos hipotecarios para adquisición de local para constitución deempresa ou negocio profesional/ *Constitución/modificación préstamos/ créditos hipotecarios para adquisición de local para constitución de empresa o negocio profesional* | | 100 % | 7k | |
| L | Constitución/modificación de contratos de arrendamento financeiro para a constitución de empresa ou negocio profesional/ *Constitución/modificación de contratos de arrenda-miento financiero para la constitución de empresa o negocio profesional* | | 100 % | 7l | |
| N | Transmisión de solo rústico do artigo 31 da Lei 2/2016/ *Transmisión de suelo rústico del artículo 31 de la Ley 2/2016* | | 100 % | 7n | |
| Ñ | Agrupación e agregación de predios que conteñan solo rústico do artigo 31 da Lei 2/2016/ *Agrupación y agregación de predios que contengan suelo rústico del artículo 31 de la Ley 2/2016* | | 100 % | 7ñ | |
| Ñ1 | Segregación de solo rústico para posterior agregación ou agrupación/ *Segregación de suelo rústico para posterior agregación o agrupación* | | 100 % | 7ñ1 | |
| O | Dedución galega para reducións da Lei 19/1995/ *Deducción gallega para reducciones de la Ley 19/1995* | | 100 % | 7o | |
| P | Adquisición (TPO) de vivenda habitual por persoa con discapacidade, familias numerosas, menores de 36 anos e vítimas de violencia de xénero en áreas rurais/ *Adquisición ( TPO) de vivienda habitual por persona con discapacidad, familias numerosas, menores de 36 años y víctimas de violencia de género en áreas rurales* | | 100 % | 7p | |
| Q | Adquisición (AXD) de vivenda habitual por persoa con discapacidade, familias numerosas, menores de 36 anos e vítimas de violencia de xénero en áreas rurais/ *Adquisición ( AJD) de vivienda habitual por persona con discapacidad, familias numerosas, menores de 36 años y víctimas de violencia de género en áreas rurales* | | 100 % | 7q | |
| R | Constitución de préstamos hipotecarios para financiamento da adquisición de vivenda habitual por persoa con discapacidade, familias numerosas e menores de 36 anos en áreas rurais/ *Constitución de préstamos hipotecarios para financiación de la adquisición de vivienda habitual por persona con discapacidad, familias numerosas y menores de 36 años en áreas rurales* | | 100 % | 7r | |
| S | Dedución por compra de solo (TPO) para a promoción do solo industrial realizada por entidades instrumentais do sector público/ *Deducción por compra de suelo (TPO) para la promoción del suelo industrial realizada por entidades instrumentales del sector público.* | | 100 % | 7s | |
| T1 | Dedución por venda de solo empresarial por entidades instrumentais do sector público. Condicións resolutorias, dereitos de adquisición preferentes ou outras garantías o seu favor/ *Deducción por venta de suelo empresarial por entidades instrumentales del sector público. Condiciones resolutorias, derechos de adquisición preferentes u otras garantías a su favor.* | | 100 % | 7t1 | |
| T2 | Compra de solo (AXD) para promoción de solo industrial realizada por entidades instrumentais do sector público/ *Compra de suelo (AJD) para promoción de suelo industrial realizada por entidades instrumentales del sector público.* | | 100 % | 7t2 | |

| SUXEITO PASIVO /*SUJETO PASIVO* | | FIRMA DO SUXEITO PASIVO OU REPRESENTANTE/ *FIRMA DEL SUJETO PASIVO O REPRESENTANTE* |
|---|---|---|
| NIF/DNI | Apelidos e nome ou razón social/*Apellidos y nombre o razón social* | |

**Exemplar para a persoa interesada/Administración - *Ejemplar para la persona interesada/Administración***

CVE-DOG: u8u1mqw7-k616-n0k9-cdl9-xegvw47lw718

Modelo 600

## ANEXO (IV)
BONIFICACIÓNS E DEDUCIÓNS/
*BONIFICACIONES Y DEDUCCIONES*

0123456789 SOLO PRUEBA

| 7 Cód. | BONIFICACIÓNS E DEDUCIÓNS/ *BONIFICACIONES Y DEDUCCIONES* | Cota/*Cuota* tributaria | % | Importe | |
|---|---|---|---|---|---|
| A | Arrendamento de vivendas intermediación do IGVS/ *Arrendamiento de viviendas intermediación del IGVS* | | 100 % | 7a | |
| B | Arrendamento de terreos rústicos/Arrendamiento de terrenos rústicos | | 100 % | 7b | |
| B1 | Arrendamento/cesión temporal de terreos rústicos para a súa incorporación a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta/ *Arrendamiento/cesión temporal de terrenos rústicos para su incorporación a polígonos agroforestales, proyectos de aldeas modelo o agrupaciones de gestión conjunta* | | 100 % | 7b1 | |
| C | Transmisión/arrendamento/cesión temporal de terreos do Banco de Terras de Galicia/ *Transmisión/arrendamiento/cesión temporal de terrenos del Banco de Tierras de Galicia* | | 100 % | 7c | |
| D | Agrupación de propietarios forestais/*Agrupación de propietarios forestales* | | 100 % | 7d | |
| G | Adquisición/obra nova/división horizontal/dereitos reais de garantía de edificios destinados a vivenda en alugamento/*Adquisición/obra nueva/división horizontal/derechos reales de garantía de edificios destinados a vivienda en alquiler* | | 75 % | 7g | |
| H | Préstamos/ créditos hipotecarios para cancelación doutros préstamos/créditos destinados a vivenda habitual/ *Préstamos/ créditos hipotecarios para cancelación de otros préstamos/créditos destinados a vivienda habitual* | | 100 % | 7h | |
| I | Subrogación/modificación de préstamos/créditos hipotecarios vivenda habitual/ *Subrogación/modificación de préstamos/créditos hipotecarios vivienda habitual* | | 100 % | 7i | |
| J | Adquisición de local de negocio para constitución de empresa ou negocio profesional/ *Adquisición de local de negocio para constitución de empresa o negocio profesional* | | 100 % | 7j | |
| K | Constitución/modificación préstamos/créditos hipotecarios para adquisición de local para constitución deempresa ou negocio profesional/ *Constitución/modificación préstamos/ créditos hipotecarios para adquisición de local para constitución de empresa o negocio profesional* | | 100 % | 7k | |
| L | Constitución/modificación de contratos de arrendamento financeiro para a constitución de empresa ou negocio profesional/ *Constitución/modificación de contratos de arrenda-miento financiero para la constitución de empresa o negocio profesional* | | 100 % | 7l | |
| N | Transmisión de solo rústico do artigo 31 da Lei 2/2016/ *Transmisión de suelo rústico del artículo 31 de la Ley 2/2016* | | 100 % | 7n | |
| Ñ | Agrupación e agregación de predios que conteñan solo rústico do artigo 31 da Lei 2/2016/ *Agrupación y agregación de predios que contengan suelo rústico del artículo 31 de la Ley 2/2016* | | 100 % | 7ñ | |
| Ñ1 | Segregación de solo rústico para posterior agregación ou agrupación/ *Segregación de suelo rústico para posterior agregación o agrupación* | | 100 % | 7ñ1 | |
| O | Dedución galega para redución da Lei 19/1995/ *Deducción gallega para reducciones de la Ley 19/1995* | | 100 % | 7o | |
| P | Adquisición (TPO) de vivenda habitual por persoa con discapacidade, familias numerosas, menores de 36 anos e vítimas de violencia de xénero en áreas rurais/ *Adquisición ( TPO) de vivienda habitual por persona con discapacidad, familias numerosas, menores de 36 años y víctimas de violencia de género en áreas rurales* | | 100 % | 7p | |
| Q | Adquisición (AXD) de vivenda habitual por persoa con discapacidade, familias numerosas, menores de 36 anos e vítimas de violencia de xénero en áreas rurais/ *Adquisición ( AJD) de vivienda habitual por persona con discapacidad, familias numerosas, menores de 36 años y víctimas de violencia de género en áreas rurales* | | 100 % | 7q | |
| R | Constitución de préstamos hipotecarios para financiamento da adquisición de vivenda habitual por persoa con discapacidade, familias numerosas e menores de 36 anos en áreas rurais/ *Constitución de préstamos hipotecarios para financiación de la adquisición de vivienda habitual por persona con discapacidad, familias numerosas y menores de 36 años en áreas rurales* | | 100 % | 7r | |
| S | Dedución por compra de solo (TPO) para a promoción do solo industrial realizada por entidades instrumentais do sector público/ *Deducción por compra de suelo (TPO) para la promoción del suelo industrial realizada por entidades instrumentales del sector público.* | | 100 % | 7s | |
| T1 | Dedución por venda de solo empresarial por entidades instrumentais do sector público. Condicións resolutorias, dereitos de adquisición preferentes ou outras garantías o seu favor/ *Deducción por venta de suelo empresarial por entidades instrumentales del sector público. Condiciones resolutorias, derechos de adquisición preferentes u otras garantías a su favor.* | | 100 % | 7t1 | |
| T2 | Compra de solo (AXD) para promoción de solo industrial realizada por entidades instrumentais do sector público/ *Compra de suelo (AJD) para promoción de suelo industrial realizada por entidades instrumentales del sector público.* | | 100 % | 7t2 | |

| SUXEITO PASIVO /*SUJETO PASIVO* | | FIRMA DO SUXEITO PASIVO OU REPRESENTANTE/ *FIRMA DEL SUJETO PASIVO O REPRESENTANTE* |
|---|---|---|
| NIF/DNI | Apelidos e nome ou razón social/*Apellidos y nombre o razón social* | |

**Exemplar para outras administracións ou oficinas / *Ejemplar para otras administraciones u oficinas***



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 251 | Martes, 31 de decembro de 2024 | Páx. 69318

Modelo 600

## ANEXO (IV)
(continuación)
**BONIFICACIÓNS E DEDUCIÓNS/**
***BONIFICACIONES Y DEDUCCIONES***

0123456789 SOLO PRUEBA

| 7 Cód. | BONIFICACIÓNS E DEDUCIÓNS/ *BONIFICACIONES Y DEDUCCIONES* | Cota/*Cuota* tributaria | % | | Importe |
|---|---|---|---|---|---|
| T3 | Agrupación, agregación, segregación e división de solo empresarial por entidades instrumentais do sector público/ *Agrupación, agregación, segregación y división de suelo empresarial por entidades instrumentales del sector público.* | | 100 % | 7t3 | |
| T4 | Agrupación, agregación, segregación e división por adquirentes de solo empresarial a entidades instrumentais do sector público/ *Agrupación, agregación, segregación y división por adquirentes de suelo empresarial a entidades instrumentales del sector público* | | 100 % | 7t4 | |
| T5 | Adquisición (TPO) inmoble en ZPP que se afecte a actividade económica/ *Adquisición (TPO) inmueble en ZPP que se afecte a actividad económica* | | 100 % | 7t5 | |
| T6 | Adquisición (TPO) inmoble que se afecte a actividade económica/ *Adquisición (TPO) inmueble que se afecte a actividad económica* | | 50 % | 7t6 | |
| T7 | Adquisición (AXD), agrupación, división, segregación, declaración obra nova e división horizontal de inmoble en ZPP que se afecte a actividade económica/ *Adquisición (AJD), agrupación, división, segregación, declaración obra nueva y división horizontal de inmueble en ZPP que se afecte a actividad económica* | | 100 % | 7t7 | |
| T8 | Adquisición (AXD), agrupación, división, segregación, declaración obra nova e división horizontal de inmoble que se afecte a actividade económica/ *Adquisición (AJD), agrupación, división, segregación, declaración obra nueva y división horizontal de inmueble que se afecte a actividad económica* | | 50 % | 7t8 | |
| T9 | Transmisión (TPO) de elementos afectos a explotacións agrarias/ *Transmisión (TPO) de elementos afectos a explotaciones agrarias* | | 100 % | 7t9 | |
| T10 | Transmisión (AXD) de elementos afectos a explotacións agrarias/ Transmisión ( AJD) de elementos afectos a explotaciones agrarias | | 100 % | 7t10 | |
| T11 | Constitución ou transmisión (AXD) de dereitos reais sobre inmobles necesarios para a implantación de instalacións ou infraestruturas que produzan enerxías renovables en réxime de autoconsumo individual/ *Constitución o transmisión (AJD) de derechos reales sobre inmuebles necesarios para la implantación de instalaciones o infraestructuras que produzcan energías renovables en régimen de autoconsumo individual* | | 100% | 7t11 | |
| T12 | Determinadas operacións de vivenda protexida de promoción pública con intervención do IGVS/ *Determinadas operaciones de vivienda protegida de promoción pública con intervención del IGVS* | | 100% | 7t12 | |
| T13 | Adquisición (TPO) de solo residencial destinado a vivenda protexida de promoción pública con intervención do sector público/ *Adquisición (TPO) de suelo residencial destinado a vivienda protegida de promoción pública con intervención del sector público* | | 100% | 7t13 | |
| U | OUTRAS/*OTRAS:* | | | 7u | |
| V | Taxa por valoración previa/*Tasa por valoración previa* | | | 7v | |
| Z | Dedución de cotas anteriores/*Deducción de cuotas anteriores* | | | 7z | |
| **TOTAL DE BONIFICACIÓNS E DEDUCIÓNS / *TOTAL DE BONIFICACIONES Y DEDUCCIONES*** (7a+7b+7b1+7c+7d+7g+7h+7i+7j+7k+7l+7n+7ñ+7ñ1+7o+7p+7q+7r+7s+7t1+7t2+7t3+7t4+7t5+7t6+7t7+7t8+7t9+7t10+7t11+7t12+7t13+7u+7v+7z) | | | | 8 | |

| SUXEITO PASIVO /*SUJETO PASIVO* | | FIRMA DO SUXEITO PASIVO OU REPRESENTANTE/ *FIRMA DEL SUJETO PASIVO O REPRESENTANTE* |
|---|---|---|
| NIF/DNI | Apelidos e nome ou razón social/*Apellidos y nombre o razón social* | |

**Exemplar para a persoa interesada/Administración** - ***Ejemplar para la persona interesada/Administración***

CVE-DOG: u8u1mqw7-k616-n0k9-cdl9-xegvw47lw718

Modelo **600**

## ANEXO (IV)
(continuación)
**BONIFICACIÓNS E DEDUCIÓNS/**
***BONIFICACIONES Y DEDUCCIONES***

0123456789 SOLO PRUEBA

| 7<br>Cód. | BONIFICACIÓNS E DEDUCIÓNS/ *BONIFICACIONES Y DEDUCCIONES* | Cota/*Cuota* tributaria | % | Importe | |
|---|---|---|---|---|---|
| T3 | Agrupación, agregación, segregación e división de solo empresarial por entidades instrumentais do sector público/ *Agrupación, agregación, segregación y división de suelo empresarial por entidades instrumentales del sector público.* | | 100 % | 7t3 | |
| T4 | Agrupación, agregación, segregación e división por adquirentes de solo empresarial a entidades instrumentais do sector público/ *Agrupación, agregación, segregación y división por adquirentes de suelo empresarial a entidades instrumentales del sector público* | | 100 % | 7t4 | |
| T5 | Adquisición (TPO) inmoble en ZPP que se afecte a actividade económica/ *Adquisición (TPO) inmueble en ZPP que se afecte a actividad económica* | | 100 % | 7t5 | |
| T6 | Adquisición (TPO) inmoble que se afecte a actividade económica/ *Adquisición (TPO) inmueble que se afecte a actividad económica* | | 50 % | 7t6 | |
| T7 | Adquisición (AXD), agrupación, división, segregación, declaración obra nova e división horizontal de inmoble en ZPP que se afecte a actividade económica/ *Adquisición (AJD), agrupación, división, segregación, declaración obra nueva y división horizontal de inmueble en ZPP que se afecte a actividad económica* | | 100 % | 7t7 | |
| T8 | Adquisición (AXD), agrupación, división, segregación, declaración obra nova e división horizontal de inmoble que se afecte a actividade económica/ *Adquisición (AJD), agrupación, división, segregación, declaración obra nueva y división horizontal de inmueble que se afecte a actividad económica* | | 50 % | 7t8 | |
| T9 | Transmisión (TPO) de elementos afectos a explotacións agrarias/ *Transmisión (TPO) de elementos afectos a explotaciones agrarias* | | 100 % | 7t9 | |
| T10 | Transmisión (AXD) de elementos afectos a explotacións agrarias/ Transmisión ( AJD) de elementos afectos a explotaciones agrarias | | 100 % | 7t10 | |
| T11 | Constitución ou transmisión (AXD) de dereitos reais sobre inmobles necesarios para a implantación de instalacións ou infraestruturas que produzan enerxías renovables en réxime de autoconsumo individual/ *Constitución o transmisión (AJD) de derechos reales sobre inmuebles necesarios para la implantación de instalaciones o infraestructuras que produzcan energías renovables en régimen de autoconsumo individual* | | 100% | 7t11 | |
| T12 | Determinadas operacións de vivenda protexida de promoción pública con intervención do IGVS/ *Determinadas operaciones de vivienda protegida de promoción pública con intervención del IGVS* | | 100% | 7t12 | |
| T13 | Adquisición (TPO) de solo residencial destinado a vivenda protexida de promoción pública con intervención do sector público/ *Adquisición (TPO) de suelo residencial destinado a vivienda protegida de promoción pública con intervención del sector público* | | 100% | 7t13 | |
| U | OUTRAS/*OTRAS:* | | | 7u | |
| V | Taxa por valoración previa/*Tasa por valoración previa* | | | 7v | |
| Z | Dedución de cotas anteriores/*Deducción de cuotas anteriores* | | | 7z | |
| **TOTAL DE BONIFICACIÓNS E DEDUCIÓNS / *TOTAL DE BONIFICACIONES Y DEDUCCIONES*** (7a+7b+7b1+7c+7d+7g+7h+7i+7j+7k+7l+7n+7ñ+7ñ1+7o+7p+7q+7r+7s+7t1+7t2+7t3+7t4+7t5+7t6+7t7+7t8+7t9+7t10+7t11+7t12+7t13+7u+7v+7z) | | | | 8 | |

| SUXEITO PASIVO /*SUJETO PASIVO* | | FIRMA DO SUXEITO PASIVO OU REPRESENTANTE/ *FIRMA DEL SUJETO PASIVO O REPRESENTANTE* |
|---|---|---|
| NIF/DNI | Apelidos e nome ou razón social/*Apellidos y nombre o razón social* | |

**Exemplar para outras administracións ou oficinas / *Ejemplar para otras administraciones u oficinas***

CVE-DOG: u8u1mqw7-k616-n0k9-cdl9-xegvw47lw718

Segundo. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2025.

Disposición transitoria

As persoas obrigadas á presentación do modelo 600 poderán seguir empregando o antigo modelo para a presentación en papel da autoliquidación, tendo en conta que a lista de deducións e bonificacións deste modelo é a que se modifica nesta resolución. A citada lista pode ser consultada na Oficina Virtual Tributaria da Axencia Tributaria de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2024

Sonia Lafont Sendino
Directora da Axencia Tributaria de Galicia

CVE-DOG: u8u1mqw7-k616-n0k9-cdl9-xegvw47lw718